

Actividades de Inglés e Plástica para 1º curso de EP: semana do 18 ao 22 de maio:

Bos días a [tod@s](#):

Espero que [tod@s](#) esteades ben e con ganas de facer as actividades que vos poño para que as envidedes esta semana. Imos a dividilas en 3 sesións como tiñamos cada semana, como suxerencia de traballo. Animádevos a facelas! E os recordo que as actividades serven tamén para recuperar as avaliacións suspensas.

PRIMEIRA SESIÓN DE INGLÉS

Vocabulary of colours:

- Repasa con tarxetas:
<https://learnenglishkids.britishcouncil.org/sites/kids/files/attachment/flashcards-colours.pdf>
- Imprime esta **ficha** (ou fai as respostas na libreta ou nun folio) na que se repasan as cores mailas partes do corpo:
<https://learnenglishkids.britishcouncil.org/sites/kids/files/attachment/worksheets-colours-1.pdf>

SEGUNDA SESIÓN DE INGLÉS

Vocabulary of schools objects:

- Mira isto para repasalo:
<https://www.eslgamesplus.com/school-supplies-flashcards/>
- Xogo divertido para repasar o vocabulario:
<https://www.eslgamesplus.com/school-supplies-vocabulary-esl-interactive-board-game/>

SESIÓN DE PLÁSTICA

- Activity : Draw a picture: fai un debuxo de o que entendes cando lees ou ves e escoitas a poesía de Roberto Carvalho Calero, escritor ao que está adicado o día das letras galegas este ano e ao que os profesores tamén rendimos homenaxe:

Audición e imaxes da poesía “María Silencio” interpretada polos profes:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipribeiraporrino/drupal/?q=node/712#attachments>

- Ao rematar o debuxo escribe en inglés as cores que empregaches.

A poesía:

Maria Siléncio. Ricardo Carvalho Calero

Cabeleira de chuvia,
ollos de néboa.
Maria Siléncio,
esfarrapada, à espreita.

Sempre agardando, pola
noite, as barcas.
A tua angúria fala con
olladas.

Maria Nocturna: no
peirán ¿qué esperas?
¿polo día non vives?
¿Naces cada solpor?
¿Cais de primeira
estrela?

Maria Siléncio, sempre
dura e muda...
¿Cál é a barca que agardas?

Das fontes dos teus ollos
fluen rios de sono.
Pero ti sempre dura e desvelada,
batida polo vento, no peirán...

Maria Siléncio, eu roubaria
no ceu
a estrela de mel,
na água
a estrela de prata,
pra che mercar a fala.

Se queres ulir flores,
darei-che a flor da lua.

Maria do Mar, ¿qué barca agardas?

¿Queres o sol, carne de lua fria?

Ricardo
Carvalho Calero
1910-1990

